

ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

2018/2019

CONCELLO DE CASTROVERDE



INFORMACIÓN

BALONMÁN:

Dirixido a nenos e nenas de entre 6 a 12 anos.

Horario: os luns e mércores en horario de 16:15 a 17:15 horas no pavillón polideportivo municipal.

Impartirase polo Club Balonmán Lucus.

Custo por cada alumno: 10 €/mes.

Mínimo de 8 alumnos para a realización da actividade.

Comezamos o luns día 1 de outubro ata que remate o curso escolar.

PATINAXE:

Dirixido a nenos e nenas de entre 3 a 16 anos.

Horario: Os mércores de 16:15 a 17:15 horas no pavillón polideportivo municipal.

Impartido por Deportes A Chaira.

Custo para o alumno: 10 €/mes.

Mínimo de 8 alumnos para a realización da actividade

Comezamos o mércores día 3 de outubro ata que remate o curso escolar.

JUDO:

Dirixido a nenos e nenas de entre 3 a 16 anos.

Horario: os martes e xoves de 16:15 a 17:15 horas no ximnasio de C.P.I de Castroverde.

Impartido por Ximnasio Senra.

Custo por cada alumno: 10 €/mes.

Mínimo 6 alumnos para a realización da actividade.

Comezamos o martes día 2 de outubro ata que remate o curso escolar.

NATACIÓN:

Dirixido a nenos e nenas de entre 3 a 16 anos.

Horario: os venres de 16:00 a 16:45 horas. Saída do colexio ás 15:30 horas.

Impartido en FORUS LUGO.

Custo por cada alumno: 25 €/mes. O mes de outubro sería 12,50 € cada alumno, xa que se comeza na metade do mes.

Mínimo 15 alumnos e máximo 50.

Comezamos o venres día 19 de outubro ata finais do mes de maio.

As actividades dirixidas a nenos/as de entre 3 a 16 anos terán unha bonificación no caso de familia numerosa, pagarán o 100% do custo da actividade polo primeiro neno, o 50% polo segundo e será gratuíta para os restantes.

XIMNASIA DE MANTEMENTO:

Dirixida a persoas maiores de 16 anos

Horario: os luns, mércores e venres de 21:00 a 22:00 horas no ximnasio do C.P.I de Castroverde.

Impartido por Athletic's Club.

Custo por cada alumno: 18 €/mes

Mínimo 8 alumnos e máximo 25.

Comezamos o luns día 2 de novembro ata finais do mes de xuño.

Os pagos das anteriores actividades poderán domiciliarse e o Concello efectuará o cobro nos 10 primeiros días de cada mes na conta que cada alumno nos indique. No caso de que alguén non o domicilie deberá efectuar o pago igualmente nos 10 primeiros días de cada mes no seguinte número de conta: ES46-2080-0112-7031-1000-0042 e deberá entregar o xustificante de pago nas oficinas do Concello dentro dese mesmo prazo.

No caso de que algún alumno se quixera dar de baixa en algunha das actividades anteriores, este deberá solicitalo antes de que comece o mes no que desexa darse de baixa, de non ser así deberá efectuarse igualmente o pago dese mes.